



4.5. educación

O OBXECTIVO DESTE capítulo é a análise da educación en Galicia, para o que seguiremos a seguinte estrutura. Partindo da presentación dos presupostos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e do nivel educativo da poboación segundo os datos da EPA e do *Primeiro Informe Intermedio sobre la Cohesión Económica e Social* (xaneiro 2002), analizaremos, de unha banda, a educación non universitaria (educación infantil e primaria, e educación secundaria: ESO, BUP e COU, FP) en base ó alumnado, profesorado e centros de ensino. Por outra, centrarémonos na educación universitaria nos tres campus universitarios atendendo o número de alumnos e as súas preferencias, e finalmente, consideraremos as ensinanzas de réxime xeral como poden ser as escolas oficiais de idiomas, escolas de arte ou conservatorios de música.

Para a realización do mesmo, teremos en conta os datos facilitados pola Consellería de

Educación e Ordenación Universitaria, a EPA, a Comisión Europea, o Ministerio de Educación y Cultura, a Dirección Xeral de Universidades, os Presupostos da Xunta, a Comisión Universitaria de Galicia.

O **presuposto** da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para o ano 2001, **cadro 4.5.1.**, ascendeu a 1.516,9 millóns de euros, un 5,1% superior ó do ano anterior, cando se dedicaron un total de 1.443,5 millóns de euros. A súa partida máis importante, a pesares de que continúa o seu descenso relativo no total do presuposto de educación, é a de gastos de persoal, que foi, no ano 2001, de 909,8 millóns de euros.

No marco dos presupostos, ó programa 353 E “Fomento da lingua galega” dedícase unha cantidade similar á do ano anterior, 16.856 miles de euros, o que representa o 1,1% do total do presuposto consolidado da devandita consellería.

CADRO 4.5.1.

Presupostos da Consellería de Educación 2000-01

	2000	2001	01/00
	(en miles de €)		(%)
Capítulo I	866.615,0	909.776,1	5,0
Resto	576.889,3	607.088,3	5,2
Total	1.443.504,3	1.516.864,4	5,1

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

CADRO 4.5.2.

Nivel de instrucción da poboación 2000

	Escaso	Medio	Elevado
	(% de poboación entre 25 e 59 anos)		
Andalucía	67	14	19
Aragón	59	17	24
Asturias	60	16	23
Baleares	64	18	17
Canarias	63	18	19
Cantabria	57	19	24
Castela e León	59	17	24
Castela - A Mancha	70	13	16
Cataluña	56	20	24
C. Valenciana	63	16	21
Estremadura	69	13	17
Galicia	67	14	19
Madrid	49	19	32
Murcia	62	16	22
Navarra	54	15	31
País Vasco	49	18	33
Rioxa	60	16	24
Ceuta e Melilla	59	19	22
España	60	17	23
Unión Europea (UE-15)	35	43	22
12 candidatos á adhesión (1)	20	66	14
Rexión Norte de Portugal	82	10	8

(1) Bulgaria, Chipre, República Checa, Eslovaquia, Eslovenia, Estonia, Hungría, Letonia, Lituania, Malta, Polonia e Rumania

Fonte: Comisión Europea, *Primeiro Informe Intermedio sobre a Cohesión Económica e Social*

4.

Dos 16.856 miles de euros do programas 353E, a Dirección Xeral de Política Lingüística dedica un total de 2.404 miles de euros a convenios con medios de comunicación, e un total de 1.864,2 miles de euros a campañas de normalización lingüística.

A **poboación ocupada** na educación en Galicia, segundo os datos da EPA amosados no **cadro C.3.2.** (*Poboación ocupada en Galicia 2000-01: distribución segundo ramas de actividade*), medrou no ano 2001 un 12,4% para situarse nas 51,4 miles de persoas, fronte ós 47,7 miles de ocupados no ano anterior. No curso 2000-01 o número de profesores nos centros de educación non universitario ascendeu a 35,3 miles de persoas o que

representa o 68,6% da poboación ocupada na educación segundo a EPA.

O **nivel educativo** da poboación galega pode deducirse do datos recollidos no **cadro 2.2.3.** (*Mercado de traballo 2001. Distribución segundo sexo e nivel de estudos terminados*), que nos indica que no ano 2001 o 31,1% da poboación activa son persoas cun nivel de estudos primarios, que un 45,4% teñen a educación secundaria, e que un 23,8% da poboación activa posúe estudos superiores. A porcentaxe de persoas calificadas como “analfabetas” é do 0,2%.

Segundo os datos do *Primeiro Informe Intermedio sobre a Cohesión Económica e*



CADRO 4.5.3.

Alumnos matriculados en centros de ensino nas CC.AA. nos cursos 1999-00 e 2000-01 ⁽¹⁾

	curso 99-00	curso 00-01	00-01 / 99-00 (%)
Andalucía	1.440.470	1.426.791	-0,9
Aragón	179.119	176.774	-1,3
Asturias	153.301	146.593	-4,4
Baleares	140.397	141.496	0,8
Canarias	341.364	339.344	-0,6
Cantabria	84.816	82.794	-2,4
Castela e León	389.543	378.810	-2,8
Castela - A Mancha	316.344	312.860	-1,1
Cataluña	1.002.858	991.863	-1,1
C. Valenciana	691.187	690.643	-0,1
Extremadura	204.283	199.499	-2,3
Galicia	427.781	413.016	-3,5
Madrid	897.233	890.176	-0,8
Murcia	231.532	229.965	-0,7
Navarra	82.532	80.895	-2,0
País Vasco	321.523	312.976	-2,7
Rioxa	42.374	41.672	-1,7
Ceuta	15.757	15.720	-0,2
Melilla	14.912	15.209	2,0
Total	6.977.326	6.887.096	-1,3

(1) Inclúe o alumnado matriculado en E. Infantil/Preescolar, E. Primaria/Preescolar, ESO, BUP, COU, Bach. LOGSE, Bach. Experimental, FP, Garantía Social, Ciclos Formativos/Mód. Profesionais, e Ed. Especial.

Non inclúe os alumnos de E. a distancia

Fonte: Ministerio de Educación y Cultura

Social da Comisión Europea, o 67% da poboación galega entre 25 e 59 anos presenta un nivel de instrucción calificado como escaso, mentres que o nivel de instrucción para un 14% da poboación é medio e para un 19% é considerado como elevado. Tal e como reflicte o **cadro 4.5.2.**, no conxunto do estado, o nivel de instrucción é escaso para o 60% da poboación considerada, sendo estas porcentaxes do 17% e 23% no caso dos niveis de instrucción medio e elevado.

Na Unión Europea (UE-15), o 35% da poboación entre 25 e 59 anos presenta un nivel de instrucción escaso, sendo esta porcentaxe do 43% no caso do nivel medio e do 22% para o nivel elevado de instrucción. Cómpre salientar que a rexión norte de Portugal presenta unhas porcentaxes que difiren da situación descrita para o caso galego, xa que o 82% da poboación considerada presenta un nivel de instrucción considerado como escaso, mentres que é considerado como medio e elevado nun 10% e 8%, respectivamente.

Se temos en conta os 12 países candidatos a formar parte da futura Unión Europea

(Bulgaria, Chipre, República Checa, Eslovaquia, Eslovenia, Estonia, Hungría, Letonia, Lituania, Malta, Polonia e Romanía) as porcentaxes son do 20%, 66% e 14%, respectivamente.

O número de alumnos e alumnas matriculados nos centros non universitarios no cursos 2000-01 segue coa súa tendencia á baixa iniciada nos últimos anos da década anterior e a un ritmo superior ó existente no conxunto estatal. Mentres que en Galicia o descenso foi do 3,5% respecto ó curso anterior, a nivel estatal a caída foi dun 1,3%, tal e como reflicte o **cadro 4.5.3**. Comparado coas outras comunidades autónomas, o descenso rexistrado en Galicia é un dos máis importantes, superado tan só por Asturias (-4,4%).

Educación infantil e primaria

Atendendo ós datos recollidos no **cadro 4.5.4.**, o número de centros de educación infantil e primaria en Galicia foi de 1.366 e 1.092, respectivamente, que supoñen o 8,7% e o 7,9% do total de centros de educación infantil e primaria en España. Do total dos

4.

Centros de ensino en funcionamento no curso 2000-01

		Galicia					Total España		
		Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	CC.AA. competencias	Territorio MEC	Total
Ed. infantil	Pública	1.134	492	141	120	381	7.193	4.150	11.343
	Privada	232	91	21	27	93	2.822	1.574	4.396
	Total	1.366	583	162	147	474	10.015	5.724	15.739
Ed. Primaria	Pública	893	378	133	108	274	6.539	3.806	10.345
	Privada	199	73	20	23	83	2.123	1.307	3.430
	Total	1.092	451	153	131	357	8.662	5.113	13.775
Ed. Especial (1)	Pública	11	5	2	1	3	396	133	529
	Privada	20	8	-	-	12	275	112	387
	Total	31	13	2	1	15	671	245	916
E. Sec. Obligatoria	Pública	366	139	58	44	125	3.585	2.384	5.969
	Privada	181	62	18	23	78	1.906	1.296	3.202
	Total	547	201	76	67	203	5.491	3.680	9.171
BUP e COU	Pública	114	48	15	17	34	451	148	599
	Privada	64	30	2	11	21	277	394	671
	Total	178	78	17	28	55	728	542	1.270
Bacharelato LOXSE	Pública	218	88	31	28	71	1.705	1.079	2.784
	Privada	74	32	5	11	26	778	570	1.348
	Total	292	120	36	39	97	2.483	1.649	4.132
F.P. II	Pública	80	32	11	15	22	292	91	383
	Privada	27	14	-	2	11	142	81	223
	Total	107	46	11	17	33	434	172	606
Cic. Form. /Mód. Prof.	Pública	155	63	25	18	49	1.079	648	1.727
	Privada	69	33	3	6	27	486	275	761
	Total	224	96	28	24	76	1.565	923	2.488
Progr. Garantía Social	Pública	93	41	15	14	23	571	441	1.012
	Privada	20	9	-	3	8	176	129	305
	Total	113	50	15	17	31	747	570	1.317
Total									
	Pública	3.064	1.286	431	365	982	21.811	12.880	34.691
	Privada	886	352	69	106	359	8.985	5.738	14.723
	Total	3.950	1.638	500	471	1.341	30.796	18.618	49.414

(1) refírese a centros específicos de educación especial e a centros ordinarios con unidades sustitutorias de educación especial
Fonte: Ministerio de Educación y Cultura

centros de educación infantil e primaria, o 82,5% son centros públicos, en tanto que o 17,5% restante son centros privados.

En canto ó número de alumnos e alumnas matriculados en Galicia nos centros de educación infantil, no curso 2000/01 continúa, aínda que de maneira menos acusada, o descenso experimentado no curso anterior. Neste curso o número de alumnos acadou os 55.099, un 0,3% menos que no curso anterior. Os rapaces e rapazas que reciben a educación infantil son un 13,3% do total de alumnos galegos non universitarios. De todos eles, o 69,5% acude a centros públicos e o 30,5% restante, a centros privados (**cadro 4.5.5.**).

No concernente á educación primaria, o

cadro 4.5.5. reflicte que son 140.604 os alumnos matriculados, que representaría o 34% do total de alumnos galegos. De todos eles, o 70,3% estudia en centros públicos e un 29,7% en centros privados. Comparado co curso anterior, descende o número de alumnos nos centros de educación primaria un 3,2%.

Para atender a estes alumnos, Galicia conta con 14.812 profesores de educación infantil e primaria, dos que o 81,5% imparten clases en centros públicos e o 18,5% restante o fai en centros privados. Xunto a eles hai que engadir que un total de 1.011 profesores compatibilizan o ensino en educación primaria e infantil e na educación secundaria (**cadro 4.5.6.**).

CADRO 4.5.5.

Alumnos nos centros de ensino no curso 2000-01

	Galicia					Total España		
	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	CC.AA. con competencias	Territorio MEC	Total
Ed. infantil								
Pública	38.303	15.610	4.613	3.860	14.220	478.938	294.032	772.970
Privada	16.796	6.587	1.505	1.902	6.802	241.845	149.341	391.186
Total	55.099	22.197	6.118	5.762	21.022	720.783	443.373	1.164.156
Ed. Primaria								
Pública	98.811	38.678	13.025	10.425	36.683	1.047.809	613.971	1.661.780
Privada	41.793	16.420	3.548	4.933	16.892	501.938	330.349	832.287
Total	140.604	55.098	16.573	15.358	53.575	1.549.747	944.320	2.494.067
Ed. Especial (1)								
Pública	654	302	119	81	152	7.916	5.344	13.260
Privada	623	248	-	-	375	9.102	4.762	13.864
Total	1.277	550	119	81	527	17.018	10.106	27.124
ESO 1º Ciclo								
Pública	42.429	17.301	5.900	4.239	14.989	386.685	230.720	617.405
Privada	16.634	6.325	1.374	2.177	6.758	198.481	133.868	332.349
Total	59.063	23.626	7.274	6.416	21.747	585.166	364.588	949.754
ESO 2º Ciclo								
Pública	46.318	18.955	6.321	4.736	16.306	408.034	252.419	660.453
Privada	16.968	6.637	1.405	2.205	6.721	202.838	130.284	333.122
Total	63.286	25.592	7.726	6.941	23.027	610.872	382.703	993.575
BUP e COU								
Pública	17.871	8.137	2.070	1.989	5.675	68.180	21.531	89.711
Privada	4.019	1.945	120	589	1.365	18.814	30.266	49.080
Total	21.890	10.082	2.190	2.578	7.040	86.994	51.797	138.791
Bacharelato LOXSE								
Pública	24.504	10.321	3.556	2.169	8.458	275.960	197.307	473.267
Privada	3.994	1.883	183	543	1.385	88.351	42.950	131.301
Total	28.498	12.204	3.739	2.712	9.843	364.311	240.257	604.568
Bacharelato Experimental								
Pública	-	-	-	-	-	-	-	-
Privada	-	-	-	-	-	-	-	-
Total	-	-	-	-	-	-	-	-
BUP e COU a distancia								
Pública	2.422	1.129	195	231	867	9.115	7.683	16.798
Privada	-	-	-	-	-	-	-	-
Total	2.422	1.129	195	231	867	9.115	7.683	16.798
Bach. LOGSE a distancia								
Pública	-	-	-	-	-	5.258	6.543	11.801
Privada	-	-	-	-	-	-	-	-
Total	-	-	-	-	-	5.258	6.543	11.801
F.P.II								
Pública	11.387	6.170	1.411	1.317	2.489	40.001	11.047	51.048
Privada	2.114	824	-	98	1.192	12.285	7.457	19.742
Total	13.501	6.994	1.411	1.415	3.681	52.286	18.504	70.790
C.F.G.M. /Mód. II								
Pública	10.094	4.445	1.412	774	3.463	86.866	51.616	138.482
Privada	2.248	718	112	232	1.186	35.614	17.454	53.068
Total	12.342	5.163	1.524	1.006	4.649	122.480	69.070	191.550
C.F.G.S. /Mód. III								
Pública	10.581	4.323	1.284	811	4.163	81.319	57.559	138.878
Privada	2.365	991	11	42	1.321	31.059	15.991	47.050
Total	12.946	5.314	1.295	853	5.484	112.378	73.550	185.928
C.F.G.M. /Mód. II a distancia								
Pública	-	-	-	-	-	232	364	596
Privada	-	-	-	-	-	78	-	78
Total	-	-	-	-	-	310	364	674
C.F.G.S. /Mód. III a distancia								
Pública	-	-	-	-	-	378	585	963
Privada	-	-	-	-	-	205	-	205
Total	-	-	-	-	-	583	585	1.168
Programas de Garantía Social (2)								
Pública	1.600	725	225	231	419	13.398	11.633	25.031
Privada	488	193	-	95	200	4.829	6.492	11.321
Total	2.088	918	225	326	619	18.227	18.125	36.352
Total								
Pública	304.974	126.096	40.131	30.863	107.884	2.910.089	1.762.354	4.672.443
Privada	108.042	42.771	8.258	12.816	44.197	1.345.439	869.214	2.214.653
Total	413.016	168.867	48.389	43.679	152.081	4.255.528	2.631.568	6.887.096

(1) refírese ó alumnado de centros específicos e ó das aulas de Educación Especial en centros ordinarios. Non inclúe o alumnado de integración

(2) inclúe ó alumnado de Programas de Garantía Social impartidos en centros docentes e en actuacións fóra de centros

Fonte: Ministerio de Educación y Cultura

Profesorado nos centros de ensino no curso 2000-01

	Galicia				Total España		
	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	CC.AA. con competencias	Territorio MEC
Ed. Infantil e Primaria							
Pública	12.073	4.632	1.704	1.329	4.408	109.426	66.683
Privada	2.739	1.107	234	302	1.096	39.731	22.270
Total	14.812	5.739	1.938	1.631	5.504	149.157	88.953
Ed. Secundaria e FP							
Pública	15.937	6.657	2.325	1.737	5.218	122.003	74.467
Privada	3.173	1.291	215	373	1.294	39.148	23.617
Total	19.110	7.948	2.540	2.110	6.512	161.151	98.084
Ambos grupos de niveis (1)							
Pública	295	73	47	34	141	5.317	7.916
Privada	252	77	77	93	294	4.184	5.499
Total	1.011	325	124	127	435	9.501	13.415
Educación especial (2)							
Pública	198	99	30	21	48	1.540	1.451
Privada	120	47	-	-	73	1.536	1.013
Total	318	146	30	21	121	3.076	2.464
Total	28.503	11.461	4.106	3.121	9.815	238.286	150.517
Pública	6.748	2.697	526	768	2.757	84.599	52.399
Privada	35.251	14.158	4.632	3.889	12.572	322.885	202.916
Total	525.801	388.803	136.998	259.235	22.916	5.540	2.464

(1) refírese ó profesorado que compatibiliza o ensino en Ed. Infantil/Primaria e Ed. Secundaria/Formación Profesional

(2) refírese ó profesorado de centros específicos de Ed. Infantil e de aulas de Ed. Especial en centros ordinarios

Fonte: Ministerio de Educación y Cultura

CADRO 4.5.7.

Centros e alumnos de BUP, COU e bacharelato LOXSE a distancia 2000-01

	Centros			Alumnos			
	Total	BUP-COU	Bacharelato LOXSE	Total	BUP	COU	Bacharelato LOXSE
Galicia	5	5	-	2.422	-	2.422	-
A Coruña	2	2	-	1.129	-	1.129	-
Lugo	1	1	-	195	-	195	-
Ourense	1	1	-	231	-	231	-
Pontevedra	1	1	-	867	-	867	-
Total España	114	59	55	28.599	6.091	10.707	11.801
CC.AA. con competencias	38	20	18	14.373	2.524	6.591	5.258
Territorio MEC	76	39	37	14.226	3.567	4.116	6.543

Fonte: Ministerio de Educación y Cultura

Comparado co curso anterior, prodúcese un aumento no número de profesores que dan clase nos centros de educación infantil e primaria (61 profesores máis), producíndose este aumento no caso dos centros de ensino público (245 máis) e descendendo no caso dos centros privados (184 profesores menos). Pola contra, descende o número de profesores que compatibiliza a educación infantil e primaria coa secundaria nun 20,6% (250 profesores menos), producíndose este descenso no caso dos centros públicos.

Educación secundaria: ESO, BUP e COU, FP

No curso 2000/01 houbo un total de 1.160 centros de educación secundaria que acolleron a 189.937 alumnos (un 7,7% inferior ó rexistrado no curso anterior), que representan o 46% dos alumnos galegos e o 6,8% do total español, (7% no ano anterior).

Atendendo ós datos recollidos no antecedido **cadro 4.5.4.**, o número de centros de educación secundaria obrigatoria (ESO) en Galicia foi de 547 (o 66,9%, 366 centros, son públicos), que supoñen o 6% do total de centros de ESO en España.

Comparado co curso anterior, descende o número de centros de ensino de ESO en Galicia, dende os 594 centros do curso 1999/00 ata os mencionados 547 do curso 2000/01. Este descenso prodúcese no caso dos centros de ensino público, con 49 centros

menos, mentres que no último curso hai dous centros privados máis.

O número de alumnos matriculados en Galicia nos centros de educación secundaria obrigatoria en Galicia foi de 122.349, un 4,1% menos que no curso anterior. Estes escolares representan un 29,6% do total de alumnos galegos. O 72,5% dos estudantes de secundaria acude a centros públicos e o 27,5% restante, a centros privados.

En relación ós estudos de bacharelato LOXSE, en Galicia existen, tal e como reflicte o **cadro 4.5.4.**, 292 centros, que supoñen un 7,1% do total de centros deste tipo de estudos en España. Do total dos centros de bacharelato, o 74,7% son centros públicos en tanto que o outro 25,3% son centros privados.

O número de alumnos matriculados en Galicia nos centros de BUP e COU ascendeu a 21.890, o que supón o 5,3% do total de alumnos galegos. O 81,6% dos alumnos de bacharelato acude a centros públicos e o 18,4% restante, a centros privados.

No que respecta ós centros que imparten BUP e COU a distancia e ó seu alumnado, o **cadro 4.5.7.** reflicte que existen en Galicia 5 centros que acollen a 2.422 alumnos (1.159 menos que no curso anterior), que supoñen o 4,4% e o 8,5% do total de centros e alumnos matriculados en España, respectivamente.

Atendendo á súa distribución provincial,

4.

os dous centros emprazados na provincia de A Coruña acollen o 46,6% do total de alumnos galegos matriculados nestes centros de educación a distancia, en tanto que o centro existente en Pontevedra acolle un 35,8% dos alumnos galegos destes centros.

No concernente á formación profesional II, no curso 2000/01 funcionaron en Galicia 107 centros de FP, repartidos da forma que se amosa no **cadro 4.5.4**. Como se pode observar, tres cuartas partes corresponden a centros públicos e a cuarta parte restante a centros privados.

Nestes centros de FP galegos estiveron matriculados 13.501 estudantes, o que representa un 3,3% do total de alumnos galegos. De todos eles, o 84,3% acude a centros públicos e o 15,7% restante, a centros privados. Comparado co curso anterior, o número de alumnos descende un 40,8%.

Xunto a todos estes centros funcionaron en Galicia, como amosa o devandito **cadro 4.5.4**., 31 centros de educación especial (dos que 11 son centros públicos), que supoñen un 3,4% do total de centros deste tipo de estudos en España. Destes 31 centros de ensino especial, 15 centros están na provincia de Pontevedra (dos que 12 son privados) e 13 centros (8 privados) en A Coruña. En Lugo e Ourense, tódolos centros de educación especial (2 e 1, respectivamente) son públicos.

Finalmente, os alumnos matriculados nos centros de educación especial no curso 2000/01 foron 1.277 (representan o 0,3% do total de alumnos galegos), dos que o 51,2% acude a centros públicos.

Plan Galego de Formación Profesional (2002-2006)

O Plan Galego de Formación Profesional (2002-2006) foi aprobado pola Xunta de Galicia no mes de xullo, e debe se-lo instrumento clave para a mellora das cualificacións e da formación profesional, en estreita con-

xión coa política de desenvolvemento económico e social e coa política industrial e de emprego.

O Plan estrutúrase en torno a catro **eixes de actuación**:

- Mellora do sistema, avanzando cara a un sistema integrado de cualificación, formación e orientación profesional. Virá definido por unha serie de programas, plans e medidas orientados, por unha banda, a dota-lo sistema de FP dunha serie de mecanismos orientados a mellora-la súa planificación e a cooperación dos axentes sociais, e por outra, a promove-la converxencia ou integración dos diversos subsistemas de FP.

- Mellora da cobertura das necesidades e os estímulos á formación. Isto concrétese en programas dirixidos a tódolos colectivos con carencias de formación e cualificación e tódalas empresas que amplien e fagan máis efectivas as oportunidades de adquirir cualificación e orientación profesional, e que creen o marco e os dispositivos necesarios para que as persoas e as empresas poidan recibir-lo estímulo e o apoio adecuados para investir máis tempo e recursos en formación.

- Mellora da adaptación do sistema de FP ó sistema productivo e mellora das cualificacións. Busca a mellora da competitividade da economía e das empresas mediante unha serie de medidas como a mellora da observación da produción, o traballo e o emprego; a investigación e desenvolvemento das cualificacións, para mantelas adaptadas ás necesidades dos procesos productivos e do emprego; a identificación dos estándares de competencia profesional que se necesitan para o desenvolvemento e mellora dos procesos; ou mellora da adaptación da oferta de formación ás necesidades sectoriais e territoriais.

- A necesidade de mellora-la calidade da FP. Este eixe debe concretarse especificamente nun conxunto de programas e plans que persigan dota-lo sistema de FP da capacidade de autoavalia-la calidade e mellora-la

calidade da formación profesional en tódalas modalidades e en tódolos factores que a caracterizan.

O Plan Galego de Formación Profesional 2002-2006 considera que as accións organizadas nos diferentes programas, plans e medidas deben perseguir os seguintes **obxectivos xerais**:

- Asegurar que as oportunidades e opcións de adquirir formación e unha cualificación profesional sexan maiores e máis efectivas do que foron no pasado.

- Contribuír ó desenvolvemento das capacidades xerais e profesionais, ó progreso na cualificación profesional e á promoción social da xente nova e dos adultos.

- Proporcionar ás persoas unha maior motivación para o progreso na súa cualificación profesional e unha maior defensa fronte ás necesidades de cualificación que lles presenta o seu emprego, como consecuencia dos cambios nos modos de produción e do mercado de traballo.

- Proporcionar a todo o alumnado unha FP de base encamiñada a facilita-la súa posible incorporación á FP específica ou o acceso a unha cualificación profesional.

- Promove-lo recoñecemento das aprendizaxes non formalizadas e a construción da carreira profesional dos traballadores.

- Promove-lo incremento da competitividade da economía e das empresas de Galicia, mediante a cobertura das necesidades de cualificación e de FP que presentan o desenvolvemento e mellora dos procesos productivos.

- Contribuír á mellora das cualificacións da poboación activa e o incremento da transparencia do mercado de traballo.

- Conseguir uns niveis de calidade homologables no contexto europeo

- Contribuír á eficacia e óptimo aproveitamento dos esforzos de formación e de cualificación profesional das persoas e das empresas, mediante a información e o apoio de orientación profesional.

- Promove-la cooperación necesaria entre os axentes sociais na cualificación, formación e orientación profesional da xente e o

incremento dos investimentos empresariais en formación.

- Contribuír a lograr, por parte dos diversos departamentos da Xunta, unha política de cualificacións, formación e orientación profesional máis estreitamente vinculada á competitividade da economía e ás necesidades das persoas e das empresas.

- Conseguir un sistema integrado de cualificación, formación e orientación profesional que permita un tratamento global, coordinado e óptimo das necesidades; un sistema onde as empresas, axentes de formación, poboación activa, xente nova na procura do primeiro emprego e poboación escolar atopen o estímulo e o apoio necesario para investir e/ou adquiri-la formación que mellor se adapte ás súas necesidades e posibilidades.

Para acadar estes obxectivos xerais defínense, seguindo os eixes de actuación que se marcaron, un conxunto de programas e plans (**cadros 4.5.8. a 4.5.13.**). A **acción estratéxica** clave é a de completa-la construción do sistema de FP, adoptando un modelo organizativo que se denominou Sistema Integrado de Cualificación, Formación e Orientación Profesional (SICFOR). Este posibilita o tratamento e a xestión integrada, global, coherente e coordinada, por parte das diversas administracións, de tódalas necesidades de orientación, formación e cualificación profesional.

As pezas básicas deste SICFOR son o Sistema de Cualificacións Profesionais, como instrumento de planificación dos obxectivos de cualificación, e a “rede de centros integrados de formación profesional”, que ha constituí-lo polo de referencia da oferta de FP para contribuír ó desenvolvemento de funcións básicas do sistema de FP, tales como a innovación didáctica e metodolóxica e a formación do profesorado, e afonda-los vínculos entre o sistema productivo e o sistema formativo.

Outra acción estratéxica importante é a coordinación das diversas administracións para conseguirla óptimo aproveitamento dos recursos, o incremento da dispoñibilidade

4.

4.

CADRO 4.5.8.

Programas do Plan de Formación Continua 2001-06

	2001	2002	2003	2004	2005	2006	Total 2002-06	FSE Estatal	FSE Rexional	FEOGA	FCA	Beneficiarios
	(en millóns de <E>)											
A. Programa de mellora do sistema de FP en Galicia	8,9	10,1	10,2	10,5	10,8	11,1	52,7	40,5	10,6	-	1,6	235.714
B. Programa de cualificación da FP inicial/regrada	65,6	71,2	89,8	124,1	125,4	126,1	536,7	-	150,2	-	386,5	122.125
C. Programa de FP continua	59,3	61,2	63,0	64,4	7,0	7,2	202,8	160,6	23,4	5,1	13,7	621.517
D. Programa de cualificación da FP inicial/ocupacional	74,1	81,3	81,7	82,7	83,8	84,2	413,7	407,2	5,4	1,1	-	185.755
E. Programas de calidade e avaliación	0,3	0,7	0,6	0,5	0,4	0,3	2,6	-	2,6	-	-	-
Total	208,2	224,4	245,5	282,2	227,5	229,0	1.208,6	608,4	192,2	6,2	401,8	1.165.111

Fonte: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Plan Galego de Formación Profesional

CADRO 4.5.9.

A: Programas de mellora do sistema de F.P. de Galicia 2001-06

	2001	2002	2003	2004	2005	2006	Total 2002- 06	FSE Estatal	FSE Rexional	FEOGA	FCA	Beneficiarios
	(en miles de €>)											
Programa de reforzo das institucións da Formación Profesional												
Creación de Comisións Sectoriais de Cualificacións e FP	12,0	240,4	240,4	240,4	240,4	240,4	1.202,0	-	1.202,0	-	-	-
Creación de Comisións de Estándares	-	30,1	30,1	30,1	30,1	30,1	150,3	-	150,3	-	-	-
Creación da Unidade Técnica de Apoio ó Consello Galego de FP	12,0	180,3	180,3	180,3	180,3	180,3	901,5	-	901,5	-	-	-
Programa de mellora da ordenación do sistema de FP												
Creación da Axencia para a xestión integrada da FP	174,3	583,0	462,8	456,8	444,7	456,8	2.404,0	-	2.404,0	-	-	-
Análise da distribución de ofertas formativas (mapa de recursos)	54,1	180,3	180,3	180,3	180,3	180,3	901,5	-	901,5	-	-	-
Implementación e avaliación plan ofertas integradas	90,2	-	-	12,0	-	12,0	36,1	-	36,1	-	-	-
Creación de 15 centros integrados de FP	30,1	270,5	144,2	144,2	144,2	144,2	847,4	-	847,4	-	-	-
Creación de estrutura de formación do profesorado	-	120,2	120,2	120,2	120,2	120,2	601,0	-	601,0	-	-	-
Programas de invest. e desenv. das cualificacións e relación formación-emprego												
Plan de observación de produción, traballo e emprego	390,7	234,4	234,4	234,4	234,4	234,4	1.172,0	-	1.172,0	-	-	-
Plan de HD sobre cualificacións e formación e emprego	300,5	198,3	198,3	198,3	198,3	198,3	991,7	-	991,7	-	-	-
Plan de HD sobre cualificacións e formación e emprego	90,2	36,1	36,1	36,1	36,1	36,1	180,3	-	180,3	-	-	-
Programa de implantación do sistema de cualificacións												
Plan de elaboración do catálogo modular integrado	-	516,9	516,9	516,9	516,9	516,9	2.584,4	-	2.584,4	-	-	-
Sistema recoñecemento, avaliación e certificación de competencias	-	36,1	36,1	36,1	36,1	36,1	180,3	-	180,3	-	-	-
Creación da Unidade de Calidade e Avaliación (gastos persoal e func.)	-	120,2	120,2	120,2	120,2	120,2	601,0	-	601,0	-	-	-
	-	360,6	360,6	360,6	360,6	360,6	1.803,0	-	1.803,0	-	-	-
Programa de Formación e Empresa												
FCT de calidade na FPR e na FPO (registro de empresas, manual, etc)	6,0	18,0	18,0	18,0	18,0	18,0	90,2	-	90,2	-	-	-
Plan de colaboración entre empresas	6,0	12,0	12,0	12,0	12,0	12,0	60,1	-	60,1	-	-	-
	-	6,0	6,0	6,0	6,0	6,0	30,1	-	30,1	-	-	-
Programa de Información e Orientación Profesional												
Creación dunha rede integrada de información e orientación	8.300,0	8.468,3	8.768,8	9.033,2	9.327,7	9.628,2	45.226,2	40.538,3	3.101,2	-	1.586,7	235.714
Formación de orientadores de FP	30,1	24,0	24,0	18,0	12,0	12,0	90,2	-	90,2	-	-	-
Plan de orientación e de cualificación para a poboación demandante de emprego	8.269,9	8.414,2	8.714,7	9.015,2	9.315,7	9.616,2	45.075,9	40.538,3	2.951,0	-	1.586,7	235.714
Total	8.883,0	10.060,9	10.241,2	10.499,7	10.782,2	11.094,7	52.678,7	40.538,3	10.553,8	-	1.586,7	235.714

Fonte: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Plan Galego de Formación Profesional

CADRO 4.5.10.

B. Programa de cualificación e formación profesional inicial / regrada de Galicia 2001-06

	2001	2002	2003	2004	2005	2006	Total 2002-06	FSE Estatal	FSE Rexional	FEOGA	FCA	Beneficiarios
						(en millóns de €>)						
Plan de reforzo da implantación da formación profesional de base Formación e actualización tecnolóxica e didáctica	-	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,2	-	0,1	-	0,1	1.290
	-	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,2	-	0,1	-	0,1	1.290
Plan impl. ciclos formativos especialmente relacionados co desenv. rexional e local Oferta de ciclos	60,6	62,5	81,0	115,2	116,3	116,7	491,7	-	119,5	-	372,2	94.990
	60,6	62,5	81,0	115,2	116,3	116,7	491,7	-	119,5	-	372,2	94.990
Plan de promoción de profesións non vocacionais demandadas no mercado Axudas a alumnos de FP de escasa demanda	0,1	0,1	0,1	0,1	0,1	0,2	0,7	-	0,7	-	-	3.105
	0,1	0,1	0,1	0,1	0,1	0,2	0,7	-	0,7	-	-	3.105
Plan de reforzo da implantación de programas de garantía social Implantación de programas de garantía social	4,5	6,2	6,3	6,4	6,5	6,7	32,1	-	17,9	-	14,2	11.375
	4,5	6,2	6,3	6,4	6,5	6,7	32,1	-	17,9	-	14,2	11.375
Plan de F.P. inicial para xoves sen titulación na busca do primeiro emprego Implantación experimental de programas de «iniciación profesional»	0,3	1,5	1,5	1,5	1,6	1,7	7,8	-	7,8	-	-	2.800
	0,3	1,5	1,5	1,5	1,6	1,7	7,8	-	7,8	-	-	2.800
Plan de implantación dunha oferta de FPR na modalidade «a distancia» Elaboración materiais didácticos Impartición FPR a distancia	0,1	0,9	0,9	0,8	0,8	0,8	4,2	-	4,2	-	-	8.565
	-	0,2	0,2	0,2	0,1	0,1	0,8	-	0,8	-	-	-
	0,1	0,6	0,7	0,7	0,7	0,7	3,4	-	3,4	-	-	8.565
Total	65,6	71,2	89,8	124,1	125,4	126,1	536,7	-	150,2	-	386,5	122.125

Fonte: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Plan Galego de Formación Profesional

CADRO 4.5.11.

C. Programas de formación continua de Galicia 2001-06

	2001	2002	2003	2004	2005	2006	Total 2002-06	FSE Estatal	FSE Rexional	FEOGA	FCA	Beneficiarios
	(en miles de €)											
Plan incremento cualificación da poboación ocupada e da certificación da FPC mediante o sistema de cualificacións												
Elaboración das unidades de competencia clave	-	48	48	54	-	-	150	150	-	-	-	-
Plan de fomento da formación continua	48.832	44.415	45.683	46.356	4.213	4.309	144.976	122.883	3.306	5.085	13.703	424.070
Incremento de recursos á formación continua	47.913	36.953	36.974	37.383	4.213	4.309	118.832	96.739	3.306	5.085	13.703	424.070
Incremento de recursos para permisos de formación	920	950	974	1.004	-	-	2.927	2.927	-	-	-	-
Oferta de préstamos para o desenvolvemento profesional	-	1.503	1.545	1.583	-	-	4.640	4.640	-	-	-	-
Oferta de préstamos á formación	-	1.202	1.238	1.274	-	-	3.714	3.714	-	-	-	-
Fomento de plans cofinanciados	-	4.808	4.952	5.103	-	-	14.863	14.863	-	-	-	-
Plan de reforzo da formación continua en sectores e colectivos especiais	10.518	16.726	17.315	17.958	2.795	2.927	57.721	37.605	20.116	-	-	197.447
Incremento de recursos FPC de colectivos especiais	10.518	16.726	17.315	17.958	2.795	2.927	57.721	37.605	20.116	-	-	197.447
Total	59.350	61.189	63.046	64.368	7.008	7.236	202.848	160.639	23.421	5.085	13.703	621.517

Fonte: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Plan Galego de Formación Profesional

4.

CADRO 4.5.12.

D. Programa de cualificación e Formación Profesional Inicial / Ocupacional de Galicia 2001-06

	2001	2002	2003	2004	2005	2006	Total 2002-06	FSE Estatal	FSE Regional	FEOGA	FCA	Beneficiarios
	(en millóns de «E»)											
Plan de cualificación para que a poboación desempregada adquira as cualificacións repertorio	54,4	59,3	59,4	59,8	60,4	60,6	299,5	294,8	4,7	-	-	164.187
Impartición programas formativos da FPO e incremento de impartición do repert. de certificados	54,4	59,3	59,4	59,8	60,4	60,6	299,5	294,8	4,7	-	-	164.187
Plan de reforzo da FPO en sectores prioritarios e colectivos especiais	19,4	20,2	20,9	21,4	22,0	22,2	106,7	105,4	0,2	1,1	-	18.127
Plan de reforzo da FPO en sectores	19,4	20,2	20,9	21,4	22,0	22,2	106,7	105,4	0,2	1,1	-	18.127
Plan de apoio ós contratos de formación	-	0,8	0,8	0,8	0,8	0,8	3,9	3,6	0,3	-	-	1.856
Implementación de incentivos a contratos	-	0,7	0,7	0,7	0,7	0,7	3,6	3,4	0,3	-	-	1.785
Formación didáctica de titores	-	0,1	0,1	0,1	0,1	0,1	0,3	0,3	0,0	-	-	71
Plan de formación ocupacional a través da rede	0,3	0,4	0,0	0,0	0,0	0,1	0,6	0,6	0,0	-	-	1.570
Establecemento da infraestrutura tecnolóxica	0,1	0,1	0,0	0,0	0,0	0,0	0,1	0,1	0,0	-	-	-
Elaboración e implementación do plan de formación	0,2	0,4	0,0	0,0	0,0	0,0	0,5	0,5	0,0	-	-	1.570
Plan de reforzo da verificación e control da FPO	-	0,6	0,6	0,6	0,6	0,6	3,0	2,8	0,2	-	-	15
Selección e formación persoal de verificación calidade FPO	-	0,5	0,5	0,5	0,5	0,5	2,7	2,5	0,2	-	-	15
Elaboración de paquetes modulares de formación	-	0,1	0,1	0,1	0,1	0,1	0,3	0,3	0,0	-	-	-
Total	74,1	81,3	81,7	82,7	83,8	84,2	413,7	407,2	5,4	1,1	-	185.755

Fuente: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Plan Galego de Formación Profesional

CADRO 4.5.13.

E. Calidade e Avaliación de Galicia 2001-06

	2001	2002	2003	2004	2005	2006	Total 2002-06	FSE Estatal	FSE Rexional	FEOGA	FCA	Beneficiarios
	(en miles de €)											
Programa de avaliación da calidade												
Elaboración e implementación do plan de avaliación	-	6,0	6,0	6,0	6,0	6,0	30,1	-	30,1	-	-	-
Programa de mellora da calidade do sistema de FP	30,1	55,9	51,7	36,7	31,9	22,8	198,9	-	198,9	-	-	-
Plan de formación tecnolóxica e didáctica do profesorado de FP	-	9,0	7,8	7,8	6,0	6,0	36,7	-	36,7	-	-	-
Plan de desenvolvemento de proxectos I+D sobre didáctica da FP	-	1,8	1,8	1,8	1,8	1,8	9,0	-	9,0	-	-	-
Plan de renovación do equipamento e materiais didácticos	-	24,0	24,0	12,0	12,0	6,0	78,1	-	78,1	-	-	-
Plan de formación de xestores dos centros formativos	-	3,0	3,0	3,0	3,0	3,0	15,0	-	15,0	-	-	-
Plan de implantación de modelos de xestión de calidade	30,1	18,0	15,0	12,0	9,0	6,0	60,1	-	60,1	-	-	-
Plan de constitución da unidade de calidade e avaliación da Formación Profesional	-	4,8	6,0	6,0	6,0	6,0	28,8	-	28,8	-	-	-
Elaboración do plan de constitución da unidade	-	3,0	-	-	-	-	3,0	-	3,0	-	-	-
Asignación de recursos á unidade (excepto persoal e gastos funcionamento. Apartado A.4)	-	1,8	6,0	6,0	6,0	6,0	25,8	-	25,8	-	-	-
Total	30,1	66,7	63,7	48,7	43,9	34,9	257,8	-	257,8	-	-	-

Fonte: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Plan Galego de Formación Profesional

formativa e o aproveitamento das sinerxías que se poden e deben conseguir coa complementariedade das accións de formación e orientación.

Finalmente, no concernente ó **orxamento** do PGFP, os devanditos cadros reflicten as proxeccións anuais do presuposto para nos anos 2002 a 2006, a orixe dos fondos segundo procedan do FSE transferido do estado, do FSE cofinanciado pola Xunta, de FEOGA-Orientación ou de fondos propios, así como a previsión de beneficiarios afectados por cada unha das accións descrita no Plan.

O presuposto do Plan ascende a 1.208,6 millóns de euros, dos que 536,7 millóns de euros corresponden á formación regrada (o 44,4% do total) e 413,7 millóns de euros (o 34,2%) á Formación Profesional ocupacional. En relación ás fontes de financiamento, os devanditos cadros reflicten que o FSE estatal aporta a metade dos recursos necesarios (608,4 millóns de euros) en tanto que os fondos propios da comunidade autónoma aportan un tercio da total presupostado (401,8 millóns de euros).

O número total de beneficiarios afectados previsto foi de 1.165.111 persoas, das que 621.517 corresponden ó programa de formación ocupacional (o 53,3%) e 235.714 persoas ó programa de mellora do sistema de FP de Galicia.

Educación universitaria

Galicia conta con tres universidades –Santiago de Compostela, Vigo e A Coruña–, que dispoñen de sete campus repartidos nas catro provincias. No curso 2000-01 matricularonse en Galicia, **cadro 4.5.14.**, un total de 95.869 alumnos e no 2001/02 un total de 92.199, é dicir, 3.670 alumnos menos (un 3,8%). Este descenso no número de universitarios no último curso prodúcese nas tres universidades galegas, sendo o máis acusado o de Santiago, con 2.788 alumnos menos (un 7% menos) que no curso anterior.

A Universidade de Santiago de Compostela, con 37.292 alumnos matriculados no derradeiro curso académico, acolle ó 40,4% dos universitarios galegos, en tanto que a de Vigo ten o 31,6% e a de A Coruña, o 28% restante.

Para o curso académico 01/02 as universidades de Santiago de Compostela, Vigo e A Coruña ofertaron, respectivamente, 38, 45 e 38 titulacións, tal e como recolle o **cadro 4.5.15.** No curso 00/01, o número de titulacións foi de 41, 48 e 41, respectivamente. Obsérvase que un 78,1% dos alumnos matricularonse na súa primeira opción nese curso, cando no curso anterior, esa porcentaxe ascendera ó 75,9%.

En relación ós cursos de terceiro ciclo, **cadro 4.5.16.**, no curso 01/02 inscribíronse nos cursos de doutoramento 3.363 estudantes, o que supón un 17,1% máis que no curso 00/01, cando se inscribiron un total de 2.873 alumnos. A universidade de Santiago de Compostela é a que máis alumnos acolle no terceiro ciclo con 1.700 alumnos matriculados, seguida da universidade de Vigo e de A Coruña, con 894 e 769 doutorandos, respectivamente.

Outros estudos non universitarios

Ademais dos habituais centros de educación xa analizados, existen outras institucións educativas como as escolas oficiais de idiomas, as escolas de arte, os conservatorios de música ou os centros de música e danza.

O **cadro 4.5.17.** reflicte o número de profesores a alumnos das ensinanzas de réxime especial, segundo sexan centros públicos ou privados. Nos centros públicos asistían un total de 35.156 alumnos (un 8,7% menos que no curso anterior) mentres que ós centros privados asisten 5.957 alumnos (un 8,6% máis que no curso anterior). O número de profesores nos centros públicos foi de 1.294 (1.198 no curso anterior) e nos centros

CADRO 4.5.14.

**Alumnos matriculados no sistema universitario nos cursos
2000-01 e 2001-02: primeiro e segundo ciclos ⁽¹⁾**

	Curso 2000-01	Curso 2001- 02	2001- 00-01/01-02
A Coruña	26.035	25.741	-1,1
Santiago	40.080	37.292	-7,0
Vigo	29.754	29.166	-2,0
Total	95.869	92.199	-3,8

(1) Incluídos os alumnos dos centros adscritos

Fonte: Dirección Xeral de Universidades

CADRO 4.5.15.

**Alumnos matriculados no sistema universitario nos cursos 1999-00 e 2000-01:
distribución segundo as súas preferencias****Curso 2000-01**

	A Coruña (41 titulacións)		Santiago (41 titulacións)		Vigo (48 titulacións)	
	alumnos	(%)	alumnos	(%)	alumnos	(%)
1ª preferencia	3.366	76,36	4.450	76,41	3.727	74,81
2ª preferencia	566	12,84	830	14,25	739	14,83
3ª preferencia	277	6,28	334	5,73	283	5,68
Resto	199	4,51	210	3,61	233	4,68
Total (1ª, 2ª, 3ª pref.)	4.209	95,49	5.614	96,39	4.749	95,32

Curso 2001-02

	A Coruña (38 titulacións)		Santiago (38 titulacións)		Vigo (45 titulacións)	
	alumnos	(%)	alumnos	(%)	alumnos	(%)
1ª preferencia	3.486	79,32	4.024	78,43	3.476	76,70
2ª preferencia	548	12,47	703	13,70	645	14,23
3ª preferencia	220	5,01	257	5,01	209	4,61
Resto	141	3,21	147	2,86	202	4,46
Total (1ª, 2ª, 3ª pref.)	4.254	96,79	4.984	97,14	4.330	95,54

Fonte: Comisión Universitaria de Galicia

CADRO 4.5.16.

**Alumnos matriculados no sistema universitario nos
cursos 2000-01 e 2001-02: terceiro ciclo**

	Curso 2000-01	Curso 2001-02
A Coruña	672	769
Santiago	1.445	1.700
Vigo	756	894
Total	2.873	3.363

Fonte: Dirección Xeral de Universidades

CADRO 4.5.17.

Profesores e alumnos doutros estudos non universitarios 1999-00

	Curso 1999-00		Curso 2000-01	
	Alumnos	Profesores	Alumnos	Profesores
Centros públicos	38.518	1.198	35.156	1.294
Escolas oficiais de idiomas	22.115	249	20.877	267
Escolas de arte	1.978	125	1.632	126
Conservatorios de música	9.079	496	6.799	529
Conservatorios de danza	160	7	130	7
Escola de conservación e restauración	92	15	90	15
Escolas de música públicas	5.094	306	5.628	350
Centros privados	5.441	337	5.907	391
Centros privados de artes plásticas e deseño	37	16	100	17
Centros autorizados de música	2.126	125	2.035	134
Centros autorizados de danza	163	16	238	20
Escolas de música privadas	2.531	158	2.785	195
Escolas de danza privadas	584	22	749	25

Fonte: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

CADRO 4.5.18.

Profesores e alumnos de ensinanzas de réxime especial no curso 2000/01: distribución segundo provincias

Profesorado				
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Centros públicos	436	206	191	461
Escolas oficiais de idiomas	99	39	28	101
Escolas de arte	74	29	23	-
Conservatorios de música	176	69	95	189
Conservatorios de danza	7	-	-	-
Escola de conservación e restauración	-	-	-	15
Escolas de música públicas	80	69	45	156
Centros privados	161	29	24	177
Centros privados de artes plásticas e deseño	9	-	-	8
Centros autorizados de música	59	12	5	58
Centros autorizados de danza	10	-	-	10
Escolas de música privadas	74	17	16	88
Escolas de danza privadas	9	-	3	13
Alumnos				
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Centros públicos	12.831	5.358	4.680	12.287
Escolas Oficiais de Idiomas (1) (2)	8.138	2.689	2.493	7.557
Escolas de Arte (1)	947	318	367	-
Conservatorios de Música	2.146	1.194	1.049	2.410
Plan 1966 (1)	276	61	72	344
Plan LOXSE	1.870	1.133	977	2.066
Conservatorios de Danza (1)	130	-	-	-
E. de Restauración e Conservación de Bens culturais	-	-	-	90
Escolas de Música públicas	1.470	1.157	771	2.230
Centros privados	3.188	414	236	2.319
Centros Privados de Artes Plásticas e Deseño	34	-	-	66
Centros Autorizados de Música	1.173	133	38	691
Plan 1966 (1)	419	21	-	48
Plan LOXSE	754	112	38	643
Centros Autorizados de Danza	147	-	-	91
Escolas de Música privadas	1.266	260	138	1.121
Escolas de Danza privadas	296	-	60	393

(1) Só se fai referencia á matrícula oficial

(2) Presencial e a distancia

Fonte: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

privados de 391 profesores (337 no curso anterior).

Atendendo ó número de alumnos e profesores nos centros públicos, cómpre salienta-la importancia das escolas oficiais de idiomas, que no curso 2000-01 acollían a 20.877 alumnos e nas que impartían clase 267 profesores, e os conservatorios de música e as escolas de música públicas, que acollen a 6.799 e 5.628 alumnos e 529 e 350 profesores, respectivamente. No caso dos centros privados, os centros privados de música e as escolas de música privada acollen a 2.035 e 2.785 alumnos no curso 2000/01.

O **cadro 4.5.18.** reflicte a distribución provincial dos alumnos e profesores segundo os diferentes tipos de ensinanzas. No caso dos profesores, os centros públicos de Pontevedra acollen o 35,6% dos profesores destes centros fronte ó 45,3% no caso dos centros privados, mentres que a provincia de A Coruña, estas porcentaxes ascenden ó 33,7% e 41,2%, respectivamente.

No concernente á distribución dos alumnos, cómpre salientar que os centros privados de A Coruña acollen o 51,8% dos alumnos deste tipo de centros, fronte ó 37,7% da provincia de Pontevedra. ■

4.

